

MANUAL DE CALIDADE
SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE
ESAD DE GALICIA

DE 101.02 O Servizo de Garantía Interna de Calidade da ESAD de Galicia

Edicións	Data	Revisións e motivos das mesmas	Aprobación Consello escolar
01	20-04-2014	Primeira edición	18-06-2014
02	14-04-2015	Acreditación ACSUG	22-09-2015

SERVIZO DE GARANTÍA INTERNA DA CALIDADE

(SzGIC)

OBXECTO

- Establecer as funcións, composición e normas de funcionamento do Servizo.

ÁMBITO DE APLICACIÓN

- A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

RESPONSABILIDADES E FUNCIÓNS

Dirección

- Presidir as reunións e velar polo cumprimento das funcións asignadas ao Servizo en relación co Sistema de Garantía Interna de Calidade.

Secretaría

- Formar parte do Servizo.
- Colaborar co Departamento de Calidade na posta en marcha do Sistema e do Servizo.
- Supervisar o cumprimento dos acordos vinculados coa implantación, revisión e difusión do Sistema, e co mantemento de documentación e rexistros.

Departamento de Calidade

- Exercer a Xefatura do Servizo e coordinar as súas actividades.
- Elaborar o Plan de Implantación e o Plan Anual de Revisión do Sistema.
- Desempeñar as funcións asignadas ao Departamento en relación co Sistema e co Servizo.
- Levantar acta das reunións e dos acordos tomados nas mesmas.

Profesorado

- Formar parte do Servizo e colaborar no cumprimento das súas funcións.

Persoal de Administración e Servizos

- Formar parte do Servizo e colaborar no cumprimento das súas funcións.

Alumnado

- Formar parte do Servizo e colaborar no cumprimento das súas funcións.

DESENVOLVEMENTO

O Servizo de Garantía Interna da Calidade está integrado polo Director/a da ESAD, polo Secretario/a, polo Director/a do Departamento de Calidade, por dous representantes do profesorado, dous representantes do alumnado e un representante do Persoal de Administración e Servizos. Ten como funcións e responsabilidades:

- Supervisar o proceso de aprobación, implantación, revisión e mantemento do Sistema de Garantía Interna de Calidade a través do Manual de Calidade.
- Supervisar o proceso de aprobación, implantación, revisión e mantemento de procedementos, da documentación e dos seus rexistros.
- Realizar propostas en relación co Manual de Calidade e o control da documentación e dos rexistros.
- Realizar propostas para a elaboración e implantación de procesos e procedementos no Sistema.
- Realizar procesos de autoavaliación e de preparación de avaliacións internas ou externas.

Os dous representantes do profesorado, os dous representantes do alumnado, e o representante do Persoal de Administración e Servizos, serán designados polo Consello Escolar, sen que teñan que estar entre os integrantes deste órgano colegiado. O Servizo de Garantía Interna da Calidade queda formado a partir do día posterior á data da acta de constitución asinada polo Director/a e polo Director/a do Departamento de Calidade.

O Servizo de Garantía Interna de Calidade da ESAD de Galicia manterá reunións periódicas en función das necesidades do servizo e en función do que se estableza na planificación anual de traballo que formará parte do Plan Anual da Escola. En calquera caso, realizará unha reunión no inicio e na fin de cada curso escolar e unha reunión para cada cuadrimestre. Para cada reunión elaborárase un acta cos acordos tomados que será redactada pola secretaría, función que recaerá da persoa que ostente a Xefatura do Departamento de Calidade.